

PROXECTO
LINGÜÍSTICO
DO CENTRO
2020-2024

INDICE.-

<i>PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.....</i>	<i>1</i>
1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. MARCO LEGAL.....	4
3. O CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO.....	4
4. OBXECTIVOS.....	7
5. ACTIVIDADES.....	8
6. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS.....	10
7. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS ÁREAS.....	11
8. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS PROGRAMACIÓNS.....	15
9. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS.....	15
10. AVALIACIÓN.....	16

1. INTRODUCCIÓN

Como ben se reflicte no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

No Colexio “Casa de la Virgen” viñamos traballando cun Plan de Normalización Lingüística que foi aprobado no curso 1997/98 e que contribuíu positivamente a normalizar e regular o uso do galego no ensino, que é o idioma que empregan practicamente a totalidade dos alumnos do noso centro.

No curso 2020/2021 elaboramos un novo Proxecto Lingüístico baseado no Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, e requiriu dun importante traballo ao longo dese curso escolar.

No curso 2019/20 foi revisado este Proxecto Lingüístico, tendo como base ao novo Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Este traballo foi levado a cabo por unha comisión creada especificamente para elo, da que formaron parte o Equipo da Dinamización da Lingua Galega e a xefa de estudos do centro.

2.MARCO LEGAL.

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que seguen:

- **Lei 3/1983, do 15 de xuño**, de Normalización Lingüística.
- **Decreto 330/2009, do 4 de xuño**, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia
- **Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. No curso 2015/2016 deixa de estar en vigor o D. 130/2007.
- **Instrución** para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

3.0 CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO.

- **Localización do centro.**

➤ **A situación sociolingüística**

Para determinar a situación lingüística do centro, o Equipo que elaborou o Proxecto Lingüístico do Centro (no curso 2008/2009), considerou pertinente recoller información de toda a comunidade educativa a través dunhas enquisas que foron tomadas con algunhas modificacións das Guías Prácticas para a Planificación Lingüística nos Centros Educativos que enviou aos centros a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Como resultado destas enquisas bastante completas e da propia observación directa, podemos concluír que unha gran maioría do noso alumnado é castelán falante. Ademais, aqueles contados alumnos que son galego falantes, pola presión social acaban pasándose ao castelán por iso nos queda un longo camino por percorrer.

Comprende moitos campos:

1º) Na administración:

ADMINISTRACIÓN	<u>GALEGO</u>	<u>CASTELÁN</u>
Menús comedor	X	
Contratos traballadores/as		X
Circulares	X	
Nóminas		X
Actividades extraescolares	X	X
Páxina web	X	X
Notas en taboleiros	X	

2º) Secretaría:

SECRETARÍA	<u>GALEGO</u>	<u>CASTELÁN</u>
Notas	X	
Libros de escolaridade	X	
Matrículas	X	
Listaxes dos alumnos/as	X	
Expedientes e Raes	X	
Avisos e circulares	X	

Outros(felicitacións de Nadal...)	X	X
------------------------------------	---	---

-4-

3º) Reunións

REUNIÓN	GALEGO	CASTELÁN
Avaliación	X	X
Ciclos	X	X
Departamentos	X	X
Equipo directivo	X	X
Orientación		X
Pastoral		X
Claustro	X	X
Etapas	X	X
Anpas	X	X
Familias(no comezo)	X	X
Titores	X	X
Equipo coordinación pedagóxica	X	X

4º) Actas , planos e memorias.

ACTAS, PLANOS, MEMORIAS	GALEGO
Actas de Avaliacións	X
Actas de departamentos	X
Actas de Orientación	X
Actas de pastoral	X
Actas de Claustros	X
Actas de Consello Escolar	X
Memoria Anual	X
Plano anual	X
Plano evacuación emerxencias	X

-5-

5º) Lingua predominante do profesorado:

A. Lingua habitual do profesorado: co alumnado, compañeiros e familia:

O noso centro consta de vintenove profesores. Despois de realizárselles a enquisa chégase a conclusión de que aproximadamente un 50% do profesorado usa o castelán regularmente co alumnado, compañeiros e familia. O outro cincuenta por cen a metade, un 25% usa o castelán e o galego por igual e o outro vintecinco só o galego.

B. Nivel de capacitación para usar o galego na actividade docente.

Aínda que o profesorado non fale na súa maioría en galego nin no centro nin nas relacións cotiás, un 50% atópase nun nivel medio de capacitación para dar as aulas en galego e un 48% cun nivel de capacitación alta, habendo só un 2% do persoal docente que non se sente capacitado para dar as clases en galego.

Cabe destacar que a maioría, mais dun 85% están dispostos a facer cursos para mellorar a súa competencia nesta lingua.

6º) Lingua predominante no contorno

A. Lingua empregada habitualmente nas familias.

Para elaborar este apartado pasóuselles unha enquisa aos alumnos/as por cursos polo que imos dividir os resultados por etapas educativas chegando logo a un resultado final.

- En Educación Infantil temos máis dun 80% de familias que empregan só o castelán cos seus fillos/as. Polo tanto a presenza do galego é **pouca** na vida dos máis pequenos.
- En Educación Primaria se ben depende do curso para analiza-los resultados, podemos chegar a conclusión de que a maioría dos cursos emprega o castelán nas relacións cotiás. Polo que a maioría dos alumnos/as de E. Primaria presentan **pouca** presenza do galego na vida diaria familiar.
- Na ESO o uso do galego segue sendo igual de baixo. Algunhas familias presentan un uso **moderado** de uso cotiá do galego na casa.

B. Lingua empregada habitualmente nas interaccións comunitarias.

- Na interacción entre o profesorado en Secundaria a inmensa maioría usa o galego e en Primaria e Infantil úsase máis o castelán porque hai bastantes profesores/as que usan exclusivamente o castelán.
- Na interacción entre os alumnos/as predomina abrumadoramente o castelán, representando unha baixísima porcentaxe a de aqueles que alumnos/as que interactúan en galego.
- Na interacción do profesorado co alumno predomina o castelán.
- A interacción entre o profesorado e os pais/nais dos alumnos faise de xeito escrito en galego pero de xeito oral nas dúas linguas case por igual.
- A interacción da comunidade relixiosa que rexenta o centro faise case exclusivamente en castelán pois non son galegas na súa maioría.
- A interacción entre a comunidade relixiosa e o alumnado e viceversa faise exclusivamente en castelán.
- A interacción entre a comunidade relixiosa e os pais/nais dos alumnos/as e viceversa faise exclusivamente en castelán.
- A interacción entre o profesorado e os PAS (persoal de administración e servizos) faise en galego e castelán por igual.
- A interacción entre os Pas e o profesorado faise en galego e castelán por igual.
- A interacción entre os PAS e a comunidade relixiosa faise exclusivamente en castelán.
- A interacción dos alumnos cos PAS faise maioritariamente en castelán.
- A interacción dos PAS co alumnado faise maioritariamente en galego.
- A interacción dos PAS cos pais/nais do alumnado e viceversa faise en castelán e galego por igual.

C.Lingua empregada polo Concello.

A lingua empregada polo Concello de Cangas do Morrazo cando recaba información do centro escolar ou nos fai chegar información de actos culturais, deportivos, educativos, etc... é exclusivamente o galego.

Secundaria participa tódolos anos en varios concursos organizados polo Concello como “Cinensino”, “ Cartas de amor” e “ Certame do cómic” que son desenvolvidos na súa totalidade en galego.

A lingua que empregan as asociacións educativas, culturais, deportivas, etc do contorno é o galego. Por citar a algunhas entidades deportivas que usan o galego temos o

“Clube balonmán Cangas”, “Clube Ánfora de patinaxe artística” “Alondras C. F.”, “Clube de atletismo vila de Cangas” etc... Todos estes clubes usan o galego para calquera comunicado co centro se ben existe algún clube, dun xeito minoritario, que usa o castelán. Podemos engadir aquí que a ANPA do Colexio Casa da Virxe utiliza o galego nas súas reunións e ten os seus estatutos en galego. Ademais elabora as actas en galego e ata o ano pasado elaboraba unha revista “A Patela” que está na súa maioría en galego. Falando de asociacións, a Asociación de Veciños dos Barrios de Santo Domingo-Pedreira, que ten o seu radio de acción moi próximo ao noso centro educativo, utiliza como lingua vehicular e nas súas conovocatorias o idioma galego.

7º) Lingua do alumnado

A lingua utilizada habitualmente polo alumnado na súa vida cotiá é o castelán.

Vese claramente o predominio do castelán en case tódolos cursos.

A lingua empregada habitualmente no seu ámbito familiar é o castelán.

A conclusión é a mesma porque o uso cotiá e familiar nos alumnos/as é practicamente o mesmo pois pasan a maioría do tempo coa familia.

A lingua utilizada habitualmente polo alumnado no ámbito escolar é o castelán.

Aquí sobe un pouco o uso do galego chegando a presentar algúns cursos da ESO un uso maioritario do galego. É normal se temos en conta que a maioría das materias impartidas a estes niveis son en galego.

A competencia comunicativa en galego que traen da etapa ou ciclo anterior:

Aquí os resultados son moi claros. Segundo subimos de nivel a competencia comunicativa vai subindo, é dicir, os de tres anos non teñen (agás os nenos que veñen falando galego, porcentaxe moi baixa sobre un 1%) competencia comunicativa en galego, pasamos aos niveis de primaria que acadan unha competencia de media a aceptable e na ESO e Bacharelato pasan xa a ter unha competencia aceptable. É destacable o feito de que a competencia sempre vai subir se falamos da linguaxe escrita pois á hora de falalo só unha porcentaxe mínima chega a un nivel de boa e moi boa pola falta de uso diario.

Estes son os resultados obtidos de pasarlles tanto ao alumnado coma ao profesorado cuestionarios sinxelos e enquisas.

. Nos últimos anos recibimos algún alumnos doutros países e tamén doutras comunidades autónomas, dado que estamos a falar vila dunha próxima a Vigo, onde hai bastante poboación de fóra.

4.OBXECTIVOS.

- ✚ Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades que se leven a cabo no Centro.
- ✚ Traballar cara a consecución dunha boa competencia nas dúas linguas oficiais.

- ✚ Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia da nosa Comunidade.
- ✚ Seguir promovendo a escrita en galego en todas as comunicacións que saian do centro, así como toda a documentación empregada a nivel interno.
- ✚ Valorar a historia e cultura propias deseñando programas de coñecemento das mesmas.
- ✚ Manter informada á comunidade educativa de acontecementos vinculados coa cultura galega na zona: exposicións, festexos, revistas , concursos...
- ✚ Dotar ao centro dos materiais curriculares axeitados para o coñecemento da lingua e cultura galegas.
- ✚ Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, ou persoeiros relevantes da escea pública, que promovan a lingua e cultura galegas.
- ✚ Dotar á biblioteca e ás aulas de materiais informáticos e audiovisuais en galego, e promover o seu uso.
- ✚ Fomentar o uso das TICs empregando o galego.
- ✚ Potenciar a valoración positiva do uso do idioma galego por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- ✚ Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua predominante, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante se o houber.



Manter e promover relacións abertas co concello, asociacións veciñais, ANPA e outros Equipos de Dinamización da Lingua Galega da contorna.



Potenciar a visión dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega como órgano de coordinación docente e dar visibilidade explícita ás súas actuacións. Informar



e implicar ás familias no proceso dinamizador e normalizador.



Promocionar as festas tradicionais galegas.



Promover o coñecemento da contorna inmediata: características do medio natural, historia, arte, xeografía...

5. ACTIVIDADES.



Empregar a lingua galega en rótulos, carteis, anuncios, comunicados, avisos, páxina web, blogs, RR.SS...



Realización de investigacións sobre historia, lendas, patrimonio etnográfico da nosa contorna.



Informar ao profesorado en xeral sobre lugares de interese na nosa contorna e programar visitas para estes.



Visita a lugares de interese da bisbarra do Morrazo: muíños de Coiro, o facho de Donón, petroglifos de monte Carrasco, ...



Promover pequenos roteiros de sendeirismo por lugares próximos ao centro (paseo de Liméns, roteiro do monte da Pena, ...)



Visitas didácticas pola contorna atendendo ao interese paisaxístico, artístico, etnográfico, cultural e mesmo económico: museo Massó de Bueu, Museo de Pontevedra, ...

- ✓ Revisión e corrección de comunicados, cartas, etc. por parte do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, cando así o requira o equipo directivo, ANPA, titores/as... co fin de adaptalos á normativa oficial
- ✓ Divulgar entre o profesorado o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e o resto da lexislación.
- ✓ Continuar impulsando o certame literario Cartas de amor que promove o Concello..
- ✓ Participación noutros concursos literarios (tanto a nivel escrito como orais) organizados polo Concello de Cangas , Moaña e Bueu, e outros que se consideren de interese e promocionen a lingua galega.
- ✓ Asistencia a concertos didácticos e obras de teatro que promocionen o uso do galego, sobre todo os que teñan lugar no auditorio de Cangas.
- ✓ Recuperación de xogos populares.
- ✓ Promover a visita ao centro de escritores galegos de literatura infantil, de ilustradores e contacontos .
- ✓ Realización de actividades de contacontos, por parte dos propios nenos, os os seus pais ou os avós.
- ✓ Ampliación dos fondos da biblioteca, procurando unha literatura en galego atractiva para os nenos/as.
- ✓ Adquisición de dicionarios bilingües, ortográficos, de sinónimos... e de gramáticas e léxico galego.
- ✓ Realización de actividades en galego utilizando distintos programas informáticos.
- ✓ Realización de exposicións de obxectos antigos co fin de dar a coñecer o noso pasado e costumes.
- ✓ Visitas de persoas maiores ao centro para dar a coñecer traballos ou oficios tradicionais.
- ✓ Continuar actualizando a páxina web do colexio, informando nesta sobre aspectos da dinamización e normalización lingüística.

Recompilación de cantigas, contos, lendas, ditos, refráns, vocabulario, fraseoloxía...

6.RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS.

6.1.HUMANOS

- Todo o profesorado do centro. Colaboración con:
- ANPA.
- Concellería de Educación, Cultura e Normalización Lingüística do concello de Cangas.
- Dirección Xeral de Política Lingüística.

6.2.MATERIAIS

- Biblioteca escolar ben dotada: dicionarios variados, libros de lectura, libros de consulta, enciclopedias...
- Bibliotecas de aula.
- Un ordenador, proxector e pantallas con conexión a internet en todas as aulas de bacharelato, Secundaria , Primaria e E. Infantil.
- Aula de informática con vinte ordenadores e con conexión a Internet.
- Fotocopiadora e plastificadora.
- Taboleiro de anuncios.
- Material achegado por distintas institucións sobre dinamización e normalización lingüística e promoción da lingua e cultura galega.

7.LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS ÁREAS.

Na nosa contorna castelá falante o reto segue a ser que os alumnos consoliden unha competencia plena na súa lingua non materna, comecen o seu uso e que acaden unha boa competencia a nivel oral e escrito. Así mesmo é fundamental que adquiran tamén unha competencia plena na outra lingua oficial, tanto a nivel oral como escrito. Consideramos ademais que a introdución da segunda lingua (no noso caso, a lingua galega) debe ser inicialmente no plano oral como paso previo antes de iniciar a escrita, aspecto a ter en conta sobre todo na Educación Infantil.

7.1. Educación Infantil.

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no noso centro, na etapa de Educación Infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua da contorna e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa.

A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará, no momento da matrícula aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a de 4º de Educación Infantil, sobre a lingua materna do seu fillo/a.

Segundo o cuestionario que cumprimentaron as familias do alumnado nos últimos anos, segue sendo predominantemente o castelá na súa lingua materna. A segunda lingua, o galego , será introducida paulatinamente con actividades tipo como as que se relacionan a continuación:

- **ACTIVIDADES TIPO PARA A INTRODUCCIÓN DA LINGUA GALEGA**

Xogos interactivos

Os típicos xogos de toda a vida, como "Aserrín aserrán", "Este foi a por leña..." ou "Gato misiño", en os que se combinan as rimas, os xestos e o pequeno ten que responder ou continuar unha frase, son moi bos para fomentar a comunicación.

Debuxos e fotos

Ver e comentar cos pícaros, debuxos e fotos de obxectos cotiáns serve para ampliar o seu vocabulario na lingua galega. Ademais do debuxo, tamén podemos mostrarlles o obxecto real, para que a asociación entre a palabra e o obxecto que representa sexa máis potente. Tamén se poden utilizar fotos de familiares para que o pequeno identifique e recoñeza os termos da familia en galego: a mamá, o papá ou os avós.

Contos

Utilizar contos adaptados á idade do neno. As actividades que se poden desenvolver ao redor dun conto son moi variadas: poden manexalos e lellos eles mesmos, escoitar como llos contamos, ou podémoslle preguntar onde está un obxecto concreto nas ilustracións (utilizamos o material da biblioteca posto que contamos con moitos libros en galego).

Cancións e retrousos

Aos pequenos encántalles escoitar cancións e retrousos sinxelos que teñan un ritmo ben marcado. Aproveitando este interese, é máis doado que comecen a dicir a sílaba final dunha palabra, a facer os xestos que correspondan e a repetir partes completas da canción. Encántalles que lles repitan constantemente os mesmos temas ampliando así o vocabulario en galego.

Mastigar e sacar a lingua

Para desenvolver a linguaxe oral, é fundamental que o neno faga exercicios de articulación e pronunciación. Tamén se pode xogar a "As visitas da Sra. Lingua"; mediante consignas sinxelas e divertidas, para que os pequenos exerciten

toda a musculatura que inflúe n a fala: "Agora a Sra. Lingua vai visitar o nariz; agora quere ir á casa de Dona Orella Esquerda".

Monicreques e marionetas

As actividades de teatro son moi interesantes como forma de comunicación, tanto polo interese que espertan como polo desexo de contestarlles. Outra forma de introducir o galego é organizar xogos de disfraces e de dramatizacións.

Con todo iso pretendemos contribuír á mellora da competencia lingüística nas linguas oficiais da comunidade desde a Educación Infantil, fomentando a participación, respectando a diversidade de respostas e ofrecendo un clima no que se anime a ler, escribir e conversar.

7.2.Educación Primaria.

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no noso centro garantiremos a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

As linguas nas que se impartirán as diferentes áreas reflíctense no cadro adxunto. É importante destacar que segundo as Instrucións para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia expón: *“O alumnado deberá empregar, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área, materia ou módulo. Nas materias non lingüísticas, o profesorado procurará que a avaliación do dominio de lingua que teña o estudantado respecte as súas circunstancias persoais e que se oriente cara á adquisición en igualdade das dúas linguas oficiais. A avaliación realizarase de conformidade cos criterios do correspondente currículo normativamente aprobado, polo que non poderán prevalecer os criterios de competencia lingüística no idioma vehicular sobre os coñecementos específicos en cada materia”*.

7.3.Educación Secundaria e Bacharelato

- Coñecer as distintas técnicas de expresión literaria.
- Coñecer os diferentes trabalinguas no noso idioma.
- Coñecer e valorar as obras dos nosos escritores.
- Coñecer e valorar o uso do galego nos distintos medios, sobre todo no musical.
- Dominar as regras fundamentais da gramática galega.
- Coñecer a toponimia, microtoponimia e orixes das súas zonas de residencia ou orixe.

Ademais dos obxectivos anteriormente expostos, relacionados cos/as alumnos/as e analizada a situación do uso do galego nas actividades do Centro, chégase ás seguintes conclusións:

- Faranse en galego as actas e os oficios.
- Faranse en galego os anuncios, comunicados, letreiros...
- Potenciarase a participación en cursos que potencien a lingua galega ,así como nos CELGA e a EOI.
- Vaise adicar a terceira semana de maio á conmemoración das Letras Galegas coas actividades correspondentes.
- Para o día do libro prográmase a visita dun autor galego da contorna para que coñezan os escritores máis recoñecidos da súa bisbarra.
- Prepararase no segundo trimestre unha ficha lingüística para cada alumno/a no que se investigue os usos desta lingua no seu contorno familiar e escolar.

Materias impartidas en galego no centro:

EDUCACIÓN INFANTIL	Lévase a cabo en galego a lectura de contos e poemas, cancións, xogos...
EDUCACIÓN PRIMARIA	
<u>1º, 2º, 3º</u>	Ciencias Sociais, Ciencias Naturais, Relixión Católica, Lingua Galega e Artística (Música)(só en 1º e 2º)
<u>4º, 5º e 6º</u>	Sociais, Naturais, Relixión Católica, Lingua Galega, Educación Física
	Ademais, en toda a Educación Primaria úsase tamén en galego nas aulas o seguinte material: libros de lectura, dicionarios, atlas, murais, láminas e libros de texto.
EDUCACIÓN SECUNDARIA	
1º ESO	Xeografía e Historia, Educación Física, Bioloxía e Xeoloxía, Lingua Galega, Relixión e Tutoría.
2º ESO	
3º ESO	Xeografía e Historia, Educación Física, Lingua Galega, Música, P. vida, Relixión e Tutoría.
4º ESO	Xeografía e Historia, Bioloxía e Xeoloxía, Lingua Galega, C. Clásica, Relixión, Educación Física, Música e Tutoría.
1º BACHARELATO	Xeografía e Historia, Bioloxía e Xeoloxía, Educación Física, Lingua Galega, Relixión, CAAP, Latín e Tutoría.
2º BACHARELATO	Lingua galega, Historia do mundo contemporáneo, E. Física, Filosofía, Bioloxía e Xeoloxía, Tutoría.
	Bioloxía, L. galega, Latín, Xeografía e Tutoría.

Observación: Se a nova materia que se vai impartir como de Libre configuración é unha sesión máis das xa existentes, impartirase na lingua na que se desenvolve esa materia, procurando respectar o equilibrio entre a lingua galega e a castelá.

8.LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS PROGRAMACIÓNS.

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.

9.MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS.

O presente apartado abrangue aquelas medidas de carácter organizativo e curricular que sexa preciso desenvolver no caso de alumnos/as que presenten un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas.

O primeiro elo na detección de necesidades é o/a mestre/a titor/a, que a partir da avaliación inicial e continua, identificará as necesidades existentes e aplicará as medidas preventivas e de axuste ordinario ao seu alcance. Cando a valoración de necesidades desborde as posibilidades do/a titor/a, éste recurrirá ao Departamento de Orientación que levará a cabo a preceptiva avaliación psicopedagóxica regulada na Orde do 31 de outubro de 1996.

A partir da detección e valoración inicial das necesidades organizaranse os apoios e estableceranse as medidas pertinentes, tanto de apoio en aula por parte dos profesores teñan horas dispoñibles como do profesor/a de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe se fora preciso.

Subliñar que no caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo o ensino desenvolverase na súa lingua materna, sen prexuízo de que progresivamente poidan aprender a segunda lingua, previa valoración individual de cada caso.

Para o alumnado estranxeiro, o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia, establece que a administración

elaborará un plan dirixido ao alumnado con necesidades educativas especiais, que asegura a capacitación lingüística nas linguas oficiais. Por outro lado, dispoñemos da Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, segundo a cal os alumnos que descoñezan ambas linguas cooficiais, poderán incluírse en grupos de adquisición das linguas a partir dos cinco anos.

Por último, tendo en conta que practicamente a totalidade do alumnado do noso centro é castelán falante destacar que os/as alumnos/as que descoñezan completamente a lingua galega estarán inmersos nun contexto que favorecerá a rápida adquisición da mesma, especialmente no plano oral.

10.AVALIACIÓN.

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar (art. 14º). Previamente, realizaremos unha valoración deste na comisión de coordinación pedagóxica, e as propostas que xurdan trasladaranse á reunión do claustro de profesores para o seu debate. As conclusións que se tiren expoñeranse no consello escolar, quen, como xa indicamos, aprobará o Proxecto Lingüístico.

Este proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares ao servizo de inspección educativa.

Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

- Os resultados en Educación Infantil, da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no seguinte curso.

- Sé é o caso de que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), informarase sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.

D. SUSANA RODRÍGUEZ MOURELLE , como secretaria do CEIP CANOSA-RUS.

CERTIFICA

Que este Proxecto Lingüístico do Centro recibiu a conformidade do Claustro de mestres/as e a aprobación do Consello Escolar o 9 de setembro do 2.015.

A Braña (Erbecedo), a 15 de setembro do 2.015

Vº e Pr.

A Directora

A Secretaria

Asdo: D. Cristina París Padilla

Asdo.: D. Susana Rodríguez Mourelle